

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A presente programación está elaborada para a materia Cultura Clásica de 4º ESO seguindo o marco legal indicado a continuación:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Cultura Clásica cúrsase en 3º ou 4º ESO como materia optativa. O alumnado que a cursou en 3º non pode cursala o curso seguinte.

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo que o alumnado coñeza modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. Para iso o alumnado iníciase nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico.

A materia artículase en bloques pertencentes aos seguintes ámbitos temáticos:

1. Xeografía e historia: o alumnado coñecerá o marco no que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental.
2. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste punto sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo das divindades e dos heroes e das heroínas, e o seu mantemento na cultura contemporánea.
3. Arte: merecen especial atención as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, e, pola outra, á literatura.
4. Vida cotiá: trátanse aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a existencia da escravitude, o papel das mulleres na Antigüidade clásica, a vida pública e privada e os valores cívicos.
5. Ámbito lingüístico: análise e relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. O estudo da orixe e da evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e da evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego desempeñaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico.
6. Legado grecolatino: está enfocado a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos e intrínsecos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural de carácter material e inmaterial da humanidade.

A materia Cultura Clásica impártese no IES Fernando Blanco durante o curso 2023-24 a un grupo de sete alumnos e alumnas. Hai alumnado repetidor e alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

O IES Fernando Blanco está ubicado no centro urbano do pobo de Cee, na zona coñecida como Costa da Morte. Cee está considerado como a capital da comarca debido ao seu desenvolvemento industrial, educativo, sanitario e comercial. A súa contorna ten un marcado carácter rural onde a actividade produtiva máis significativa está baseada no sector primario e terciario e a lingua empregada é maioritariamente o galego, salvo nos centros urbanos nos que empeza a predominar o uso do castelán.

No IES Fernando Blanco impártese ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica, Ciclos formativos medios e superiores de varias familias, EBI, ensinanzas non regradas, ESA e o programa CUALE, albergando tamén a sección da EOI de Cee. A oferta educativa do pobo complétase co IES Agra de Raíces, co CEIP Eugenio López e co centro concertado Manuela Rial Mouzo.

A este centro acode alumnado de toda a comarca, sendo o alumnado principalmente de Corcubión, Muxía, Fisterra e Cee. O IES Fernando Blanco é o máis antigo da comarca e conta cun grande valor histórico tanto a nivel do propio edificio coma da labor desenvolvida ao longo dos anos.

O centro está equipado con EDI, ordenador e internet en tódalas aulas, dispoñendo ademais de dúas aulas de informática á disposición das materias baixo petición, salón de actos e biblioteca.

As clases de Cultura Clásica impártese na aula 501, aula destinada ás materias do Departamento de Latín e Grego e sitúase nun dos edificios anexos que conforman o IES Fernando Blanco. O feito de contar cunha aula materia facilita ter a man todos os materiais dos que dispón o departamento e ademais contar cunha decoración propia que redonda dun modo agradable no benestar do profesorado e alumnado e no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

As clases de Cultura Clásica impártese en galego.

Participarase co alumnado desta materia no proxecto Contratos programa dentro do itinerario INCLÚE no apartado EMOCIÓN-A-T.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización en mapas.	3	4	X		
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Biografía. Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	10	13	X		
3	Mitoloxía e relixión en Grecia e Roma	Cosmogonía e teogonía. 1º trimestre. O panteón grego e romano. 1º trimestre. Mitos grecolatinos. 3º trimestre. Os heroes e heroínas. 3º trimestre. Pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. 3º trimestre. Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. 3º trimestre. Relixión romana: culto público e privado. 3º trimestre.	20	19	X		X
4	Arte grecorromana	Presenza da civilización grecolatina nas artes: os deuses na pintura e na escultura. 1º trimestre. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. O foro romano. 2º trimestre. Vías romanas. 2º trimestre. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. 2º trimestre. Fundamentos e etapas da arte clásica. 3º	30	29	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Arte grecorromana	trimestre. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. 3º trimestre. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. 3º trimestre.	30	29	X	X	X
5	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	3	4	X		
6	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	12	12		X	
7	Os espectáculos públicos.	Tipos de espectáculos públicos en Grecia e Roma. Lugares onde tiñan lugar os espectáculos públicos.	6	7		X	
8	Orixe da escritura e das linguas.	Historia da escritura. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. Etapas do latín. Latín culto / latín vulgar. As linguas romances.	5	5		X	
9	Lingua e literatura	Composición e derivación culta de orixe grega e latina. Terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. Fraseoloxía en grego e latín. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	11	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describe brevemente o marco xeográfico das civilizacións grega e romana.	TI	100
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localiza en mapas en formato papel polo menos un 60 % das localizacións propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Explica en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas das civilizacións grega e romana e coñece as características identificativas de cada unha delas.	PE	70
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identifica os principais persoeiros, feitos históricos, etc. de cada período da historia de Grecia e Roma.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Identifica as características fundamentais da romanización de Hispania		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopa elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
3	Mitoloxía e relixión en Grecia e Roma	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identifica o nome grego e romano, atributos e esfera de influencia dos deuses olímpicos.	PE	80
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Atopa semellanzas e conexións entre a relixión grega e as actuais.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Distingue os indicadores que diferencian o culto público do privado.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Coñece elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en Internet e na biblioteca.	TI	20
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñece os mitos e heroes grecolatinos tratados na clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte grecorromana	29

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distingue as características fundamentais da arte clásica.	PE	90
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identifica as características máis salientables da arquitectura grecorromana.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñece as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Sabe localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece a presenza da civilización clásica nas artes.	TI	10
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Diferencia as creacións urbanísticas romanas das outras épocas.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopa elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en Internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	Política	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identifica as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico.	PE	100
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece a presenza da civilización clásica na organización política.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distingue as principais características das clases sociais en Grecia e Roma.	PE	90
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Describe as seguintes cuestións sobre a familia e os seus membros: roles, nacemento, imposición de nomes, o matrimonio e a situación da muller.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Coñece os trazos salientables da vida cotiá en Grecia e Roma referidos á vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece a presenza da civilización clásica na organización social.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

UD	Título da UD	Duración
7	Os espectáculos públicos.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identifica as principais formas de lecer da Antigüidade .	PE	60
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Elabora un traballo onde se comparan as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.

UD	Título da UD	Duración
8	Orixe da escritura e das linguas.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Coñece a orixe do alfabeto, os diferentes alfabetos e os tipos de sistemas de escritura.	PE	100
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Identifica a orixe común das linguas indoeuropeas a través das familias lingüísticas ás que pertencen e identificar as linguas europeas romances.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.
- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.
- As linguas romances.

UD	Título da UD	Duración
9	Lingua e literatura	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Distingue e identifica latinismos, cultismos e termos patrimoniais.	PE	70
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Utiliza con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identifica as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, os seus autores e obras.	TI	30
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Usa as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En xeral poñeranse en práctica as liñas de actuación indicadas nas orientacións pedagóxicas que se propoñen para a materia de Cultura Clásica no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia: organización do traballo en relación con materias lingüísticas e humanísticas, planificación dos obxectivos de Cultura Clásica tendo en conta as posibilidades de traballo cooperativo coas materias científicas, potenciación das TIC, emprego de recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, vinculación do desenvolvemento da materia á lectura de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano e experimentación con novas metodoloxías como o traballo por proxectos, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, etc.

A metodoloxía didáctica empregada será activa e participativa, favorecendo o traballo en equipo entre o alumnado,

así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Ao mesmo tempo favorecerase tamén o traballo en equipo co resto do profesorado que imparta as outras materias no grupo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, poñendo en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

As unidades didácticas comezan cun esquema que presenta os contidos que se van traballar e que permitirán alcanzar os obxectivos e competencias. Inmediatamente despois, preséntanse unha serie de actividades que poden considerarse como previas á totalidade da unidade. A continuación, a unidade presenta os eixos da materia, que se organizan segundo o proceso lóxico das secuencias de aprendizaxe.

O alumnado entra en contacto con cada unidade didáctica lendo un texto clásico mitolóxico. Traballarase con riguroso a ampliación e comprensión do vocabulario mediante exercicios. Fomentarase a participación e o traballo diario na aula mediante preguntas, traballos individuais ou colectivos, etc.

Hase procurar un estudo que permita ao alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fontes de información sobre a antigüidade, que sexan asemade punto de partida do desenvolvemento da expresividade e a creatividade.

Propónse tamén a ampliación do propio vocabulario e a mellora da comprensión e expresión dos alumnos, mediante a realización de exercicios variados sobre léxico. Co estudo e a observación dos mecanismos de formación de palabras das linguas clásicas, o alumnado logra aplicar os mesmos recursos ao estudo e manexo da súa lingua materna.

O uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo propiciará o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.

Empregaranse novas metodoloxías como a clase invertida a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. Na última clase da semana que coincide en venres faremos uso da ludificación.

ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

Actividades de introdución/motivación e de coñecementos previos para introducir ao alumnado no obxecto de estudo interesándoos o máximo posible, orientadas a coñecer as ideas, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos que se van desenvolver. En xeral, na materia de Cultura Clásica sempre se percibe un tipo de alumnado que gusta dos contidos mitolóxicos. Por iso se partirá a maior parte das veces de textos, láminas de debuxo e fragmentos audiovisuais relacionados con esta temática.

Actividades de desenvolvemento: vinculadas ás explicacións e dirección do proceso de ensinanza-aprendizaxe que realiza o profesorado. En Cultura Clásica estas actividades consistirían en lecturas, comentarios, resolución de exercicios e análise do léxico.

Actividades de consolidación: reflicten as principais conclusións dos procesos de ensinanza-aprendizaxe. Ao final, realizaranse actividades sobre os apartados fundamentais: cultura e civilización grecolatina, legado e lingua e literatura.

Actividades de síntese ao rematar as unidades didácticas: revisión do aprendido a través de resumos de contidos, mapas conceptuais...

Actividades de investigación: pescudas sobre unha proposta que realiza a profesora ou que se acorda. Este tipo de actividades desenvolveranse, sobre todo, cos contidos non lingüísticos.

Actividades de reforzo e ampliación: as de reforzo para que o alumnado con dificultades de aprendizaxe acade os mínimos establecidos; as de ampliación permiten construír novos coñecementos para o alumnado con maior nivel de esixencia.

Actividades de avaliación, autoavaliación e avaliación entre iguais: preguntas escritas, probas,...

Actividades de recuperación: para alumnado con cualificación negativa dunha unidade, bloque, avaliación,...

ESPAZOS E AGRUPAMENTOS

O espazo habitual vai ser a aula 501, pero planificarase o uso da aula de informática, da biblioteca e da aula xardín cando o clima o permita. A ubicación do alumnado atenderá ás instrucións do titor, necesidades especiais (vista, atención...), mellora do clima na aula e calquera outro criterio que contribúa ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

As distintas actividades pódense realizar de forma individual ou acudindo a diversas modalidades de agrupamento:

- grupo pequeno: 2-3 alumnos e alumnas para traballos que deban elaborar e expoñer. Os grupos de 2 sentarán xuntos. Para o grupo de 3 a distribución das mesas será en forma de triángulo.

- o gran grupo para actividades extraescolares.

Os grupos serán equilibrados, integrados por alumnado de diferentes visións, niveis e formas de traballar. Priorizarase a igualdade de xénero e o benestar do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

MODELO DE SESIÓN

As sesións lectivas teñen unha duración de 50 minutos.

Inicio da clase: saúdo ao comezo, anotación das ausencias do alumnado e recapitulación daquilo tratado nas sesións anteriores que sirva para enlazar co da sesión actual. Sempre se comeza a clase con lectura.

Parte central: impartiranse os contidos que correspondan e realizaranse as actividades programadas, tanto as

individuais como as feitas en equipo, no caso de que as haxa e/ou corríxanse, de ser o caso, as actividades solicitadas na última sesión.

Parte de reforzo: pequeno resumo do explicado e daranse as actividades para o próximo día, ademais de solucionar as posibles dúbidas existentes.

Despedida: recoller todo para deixar a aula como se atopou, e saudámonos ata a próxima sesión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto de referencia da profesora: LIBRO DIGITAL. CULTURA CLÁSICA ESO. EDEBÉ, OBRA COLECTIVA.
Materiais de elaboración propia do Departamento de Latín e Grego do IES Fernando Blanco.
Caderno de escritura pequeno.
MATERIAIS TECNOLÓXICOS
PC de escritorio e proxector
Tableta gráfica Wacom
VIDEOGRAFÍA
Pompeya, ciudad romana. Ed. Al-Ándalus.
Roma: ayer, hoy y siempre. Ed. ICE País Vasco.
La época de Augusto. Ed. Áncora (Open University).
Culturas antiguas del Mediterráneo. Ed. Serveis cultura popular.
España romana (serie Historia del arte español). Ed. Hiares.
Grandes épocas del arte: Arte Romano. Ed. Metrovídeo-RTVE.
La Atlántida: El misterio de los minoicos. Planeta DeAgostini.
Los grandes monumentos de Grecia. National Geographic.
Grecia. La construcción de un imperio. Canal de Historia.
Secretos de la Arqueología: Los tesoros de Grecia. Canal de Historia.
DICIONARIOS E MANUAIS
Diccionario de Mitología Griega y Romana, P. Grimal.
Manual Etimologías Griegas del Español, A. Mateos. Ed. Esfinge.
MAPAS
Mapas da Grecia clásica da Península Itálica, do Imperio Romano e da Hispania romana.
Planos da cidade de Roma, de conxunto e de zonas parciais do Foro.

O alumnado usará un caderniño elaborado polo Departamento de Latín e Grego do IES Fernando Blanco. Este caderniño está a disposición do alumnado na aula virtual do centro no curso Cultura Clásica e substitúe ao libro de texto polo que os alumnos e alumnas deberán facerse cargo do seu custo e da súa impresión.

O departamento conta cun blog, analatin.blogspot.com, con novidades, enlaces, actividades...que servirá de referencia para o alumnado durante todo o curso, xunto co curso da aula virtual que se usará como apoio e como medio para entregar as tarefas.

Por outra parte, o Departamento de Latín e Grego do IES Fernando Blanco conta cun bo número de materiais e recursos didácticos recollidos nun inventario actualizado cada curso dos que se fará uso segundo as necesidades.

MATERIAIS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE:

O Departamento de Latín e Grego do IES Fernando Blanco conta cun caderniño de elaboración propia con actividades de diferentes niveis para atender á diversidade. Este caderniño facilitarase na aula virtual do centro no curso Cultura Clásica ao alumnado para realizar actividades de reforzo e de ampliación.

Se fose necesario recorrer a un ensino online con algún alumno ou alumna, farase uso dos servizos de videoconferencia que ofrece a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Recollida de información.

A profesora desexa obter información xeral de cada alumno e alumna e tamén posibles coñecementos previos da materia que se vai cursar. O obxectivo principal é detectar as dificultades do alumnado e as súas necesidades de atención educativa para adecuarlle as ensinanzas e facilitarlle unha progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe.

a) Recollida de información xeral

Para recoller esta información recorrerase á análise dos datos dos que dispoñemos a través do Xade (cualificacións do curso anterior, materias pendentes, etc), aos informes do curso anterior e á información achegada polo Dpto. de Orientación.

Analizada a información recollida, detéctase que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en concreto dous alumnos con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

b) Recollida de información sobre os coñecementos da materia dos que parte o alumnado.

Instrumento de avaliación: proba oral 100%

A proba centrarase en conceptos culturais e lingüísticos básicos e cuestións xenéricas sobre a cultura grecolatina e a súa herdanza. Concretamente trataranse os seguintes aspectos:

- Xeografía.
- Historia.
- Mitoloxía.
- Arte.
- Pervivencia do mundo clásico na civilización occidental.
- Léxico.

Problemas detectados na análise da proba oral:

- O apartado de léxico foi o que deparou peores resultados.
- o grao de coñecementos previos necesarios para cursar con éxito a materia defínese como “baixo”, aínda que en cursos anteriores se impartiron contidos relacionados con ela no currículo doutras materias. Tendo en conta que o alumnado se enfronta por primeira vez á materia de Cultura Clásica, a existencia de carencias non supón ningún problema para o desenvolvemento da materia. O alumnado pode progresar na adquisición de coñecementos sen ningún problema.

2. Medidas que se adoptarán

- Aplicar aos dous alumnos con NEAE o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario (Xunta de Galicia) e as pautas achegadas polo Departamento de Orientación.
- Compartir datos e información co resto do equipo docente para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumno ou alumna.
- Traballar en equipo non só co resto do profesorado, senón tamén co titor e co Dpto. de Orientación.
- Aplicar as medidas consensuadas na Xunta de Avaliación Inicial.

Para subsanar os problemas detectados na análise da proba oral, adóptanse as seguintes medidas:

- Incidir nas actividades de lingua onde se traballarán a derivación e composición culta e o léxico grecolatino.
- Uso de dicionarios das linguas que manexa o alumnado nas lecturas para buscar os significados das palabras que non coñezan.

- Dado que o apartado de mitoloxía era o máis coñecido polo alumnado e gran parte mostrou o gusto por esta temática, traballárase este bloque de contidos a través dos temas transversais comprensión lectora e expresión escrita nas unidades didácticas.

3. Temporalización: a proba oral realizarase na primeira semana de clase. Nesa primeira semana recollerase tamén toda a información xeral necesaria. Posteriormente na data fixada polo centro acudirase á Xunta de Avaliación Inicial onde se darán a coñecer os resultados obtidos na proba oral realizada polo alumnado de Cultura Clásica e aqueles aspectos que a profesora considera importantes.

4. Avaliación inicial do alumnado que se incorpore ao longo do curso.

O procedemento para a avaliación inicial do alumnado que se incorpore ao longo do curso será semellante ao do resto do alumnado con algún lixeiro matiz. En concreto, convén revisar as actividades feitas polo alumno ou alumna no centro anterior a través dunha entrevista.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	10	20	30	3	12	6	5	11	100
Proba escrita	0	70	80	90	100	90	60	100	70	80
Táboa de indicadores	100	30	20	10	0	10	40	0	30	20

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

A cualificación final de cada unha das avaliacións parciais será a nota obtida en cada unidade didáctica aplicando a media ponderada de todas elas seguindo as seguintes fórmulas:

$$1^{\text{a}} \text{ avaliación parcial} = ((UD\ 1 \times 3) + (UD\ 2 \times 10) + (UD\ 3 \times 9) + (UD\ 4 \times 9) + (UD\ 5 \times 3)) / 34$$

$$2^{\text{a}} \text{ avaliación parcial} = ((UD\ 4 \times 10) + (UD\ 6 \times 12) + (UD\ 7 \times 6) + (UD\ 8 \times 5)) / 33$$

$$3^{\text{a}} \text{ avaliación parcial} = ((UD\ 3 \times 11) + (UD\ 4 \times 11) + (UD\ 9 \times 11)) / 33$$

O número polo que se multiplica cada unidade é o seu peso.

Os números 34, 33, 33 que aparecen despois do signo / é a suma dos pesos.

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. As unidades didácticas 3 e 4 impártense en máis dun trimestre. O peso total da unidade no curso repartiríase da seguinte maneira:

U. D. 3 cun peso dun 20 % sobre 100 no curso impártese no 1º e no 3º trimestre. Este peso estaría repartido na 1ª avaliación un 9 % e na 3ª avaliación un 11 %.

U. D. 4 cun peso dun 30 % sobre 100 no curso impártese no 1º, 2º e 3º trimestre. Na 1ª avaliación o seu peso sería 9 %, na 2ª avaliación o seu peso sería 10 % e na 3ª avaliación o seu peso sería 11 %.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

A cualificación da 1ª avaliación parcial achega o 34 % na cualificación da avaliación final.

A cualificación da 2ª avaliación parcial achega o 33 % na cualificación da avaliación final.

A cualificación da 3ª avaliación parcial achega o 33 % na cualificación da avaliación final.

$$\text{Nota final} = ((\text{nota da } 1^{\text{a}} \text{ av.} \times 0.34) + (\text{nota da } 2^{\text{a}} \text{ av.} \times 0.33) + (\text{nota da } 3^{\text{a}} \text{ av.} \times 0.33))$$

A avaliación da materia é positiva se, unha vez aplicadas as porcentaxes anteriores, a cualificación é 5 ou superior a 5.

Só na avaliación final se redondearán todas as notas cara ao seguinte número enteiro cando a cifra das decenas sexa igual ou superior a 5.

Exemplo:

4,49 será 4 e 4,50 redondearase a 5.

6,49 será 6 e 6,50 redondearase a 7.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

UD 1

- análise de produtos entregados: rúbrica 100%

UD 2

- proba escrita 70%

- análise de produtos entregados: rúbrica 30%

UD 3

- proba escrita 80%

- técnica de observación: lista de cotexo 20%

UD 4

- proba escrita 90%

- análise de produtos entregados: rúbrica 10%

UD 5

- proba escrita 100%

UD 6

- proba escrita 90%

- técnica de observación: guía de observación 10%

UD 7

- proba escrita 60%

- análise de produtos entregados: rúbrica 40%

UD 8

- proba escrita 100%

UD 9

- proba escrita 70%

- técnica de observación: guía de observación 30%

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O alumnado que cometa actos ilícitos no desenvolvemento dunha proba obterá a cualificación de 0 puntos nesa proba. Considérase acto ilícito ter calquera tipo de anotación na que figuren contidos dos que o alumnado se vai avaliar, independentemente de que faga uso dela ou non e de que aparezan ou non na proba. Está prohibido levar ás probas escritas reloxos con conexión a Internet, teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral; en caso de usalos, ese alumnado será cualificado con 0 puntos nesa proba.

Nas probas escritas o alumnado empregará bolígrafo azul ou negro, nunca lapis. Non se pode usar tampouco títex.

Dado que sempre hai un prazo de tempo amplo para as entregas de traballos e tarefas, tanto na aula virtual como en papel, o alumnado debe facer a entrega na data fixada.

Cando un alumno ou alumna non asista á clase na data fixada para realizar unha proba escrita, porase en contacto coa profesora o antes posible para fixar unha nova data, sempre que a súa ausencia sexa xustificada e lle achege ao seu titor ou titora o documento que así o acredite no prazo indicado nas NOFCO do centro. Considéranse faltas xustificables á hora de tomar a decisión de repetir unha proba aquelas faltas de asistencia que son recoñecidas como faltas xustificables nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro. No caso contrario non se lle repetirá a proba e a puntuación será 0 nesa proba.

Criterios de recuperación:

Instrumento de avaliación empregado para as recuperacións: proba escrita, 100%

O alumnado que acade unha nota inferior a 5 nunha avaliación parcial terá a posibilidade de recuperar esta nunha proba escrita baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades didácticas que forman parte da correspondente avaliación.

Esta proba escrita farase ao comezo da seguinte avaliación parcial, agás na 3ª avaliación parcial que será no mes de xuño.

A nota de recuperación de cada unha das tres avaliacións parciais constrúese soamente co instrumento de recuperación anteriormente citado, a proba escrita. Non se manteñen notas aprobadas de produtos entregados, probas anteriores, etc.

Recupera unha avaliación parcial o alumnado que acade na proba escrita unha cualificación non inferior a 5 pois só se recorre ao redondeo na avaliación final.

Se, unha vez feitas as recuperacións das avaliacións parciais, o alumnado non acada unha nota de 5 ou superior na media ponderada, terá unha nova posibilidade de recuperar no mes de xuño a través dunha nova proba escrita, baseada nos criterios mínimos de aceptación de todas as unidades correspondentes á avaliación ou avaliacións parciais que non superou.

A cualificación das avaliacións parciais que será tida en conta para facer a media ponderada que dará lugar á nota da

avaliación final será a cualificación das correspondentes recuperacións.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade constitúe un pilar fundamental na educación do alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Nas circunstancias actuais cómpre velar polo acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe deste alumnado en calquera dos posibles escenarios e prestar especial atención ao seu benestar emocional e ao das súas familias.

Entre o alumnado de Cultura Clásica atopamos alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se lle aplicarán os pertinentes protocolos dos que extraemos as seguintes medidas imprescindibles. A relación destas medidas non significa que se apliquen os protocolos de maneira parcial, senón que se consideran as máis importantes tendo en conta as características do alumnado unha vez realizada a avaliación inicial.

Medidas esenciais que se tomarán para o alumnado trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH):

- emprego de empatía e reforzo positivo no canto dun estilo autoritario
- normas claras, incluídas as de convivencia
- mesa limpa, só o necesario nela
- alternancia de actividade teórica e práctica e explicación de maneira clara
- limitación das actividades, as cales serán motivadoras e variadas
- supervisión das actividades
- uso de estratexias para captar a atención
- non hai deberes a diario
- asegurarse de que o alumno entende o exposto tanto na clase como nas probas
- pedir que revisen as probas escritas antes de entregalas
- actividades e probas con preguntas breves
- flexibilidade na duración das probas
- deixar espazo suficiente entre as preguntas tanto nas actividades como nas probas
- uso da axenda

Se ao longo do curso fose necesario para alumnado de nova incorporación ao centro ou, se por algún motivo fose necesario co alumnado que cursa actualmente esta materia, estableceranse as medidas de atención ordinarias ou extraordinarias pertinentes.

Exemplos:

Se se incorporase algún alumno ou alumna con altas capacidades intelectuais marcaráselle obxectivos individuais máis amplos que ao resto do alumnado do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lle obrigue a realizar o esforzo necesario que lle permita valorar a consecución de resultados. Aplicaranse as orientacións na aula que se recollen no "Protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais" elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Nos casos de alumnos e alumnas que poidan incorporarse ao longo do curso cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

No resto dos casos farase uso tamén, se fose necesario, dos distintos protocolos cos que conta a Consellería de Cultura, Educación e Universidade: Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe, Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA), Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, etc.

Se, ao longo do curso, detectásemos calquera tipo de carencia con calquera alumno ou alumna tentariamos poñer os medios para resolvelas: cambio de ritmo na clase, material distinto, reforzos en determinados temas, etc. O departamento conta cos materiais necesarios.

Para garantir distintos ritmos de aprendizaxe, pois cada alumno ten o seu ritmo e a súa forma de aprender, ofrécense actividades de consolidación relativas aos contidos claves da unidade pero tamén traballo de afondamento para aqueles alumnos e alumnas que teñen interese de ir máis alá dos contidos curriculares.

A proposta xeral do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común, pero de maior complexidade para algúns.
- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.
- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.
- Agrupamentos virtuais que posibiliten o traballo en equipo.

- Empregaranse estratexias de reforzo positivo.
- Manterase unha estreita colaboración co resto do equipo docente, co titor e co Dpto. de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora: lectura en todas as sesións de clase	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita: entrega de producións orais e escritas e textos que reescriben a historia e a mitoloxía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - CD e comunicación audiovisual: uso crítico da rede para buscar información, propiciando o coñecemento de webs relacionadas coa materia. Uso de ferramentas informáticas e audiovisuais para elaborar traballos individuais e documentos de aula. Uso do blog creado para a materia.	X	X	X	X			X	
ET.4 - Emprendemento social e empresarial: traballo cooperativo			X	X				
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico: fomento no alumnado da obxectividade, imparcialidade, curiosidade, pensamento inquisitivo e racional, respecto á evidencia, tolerancia á incerteza e consideración á posibilidade de cambiar de opinión. A importancia do control da información para controlar o poder no imperio romano servirá de base para a práctica do fomento crítico nas redes sociais.						X		
ET.6 - Educación emocional e en valores: este elemento transversal será tamén a temática do VI Certame ROSA, ROSAE, onde se traballa tamén a expresión oral e escrita.		X	X	X	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Igualdade de xénero: traballárase este tema nos contidos de sociedade e vida cotiá, farase unha análise detallada do papel da muller en Grecia e Roma.						X		X
ET.8 - Creatividade: traballo consistente en estudar e alterar as emocións na expresión facial da arte clásica a través de programas informáticos. Con este traballo tamén estaríamos tratando a competencia dixital durante a elaboración e a comunicación audiovisual no produto final.				X				
ET.9 - Resolución de conflitos: traballárase nos contidos de historia e sociedade e vida cotiá. Nube de palabras relacionadas coa palabra pax para celebrar o Día escolar da non Violencia e da Paz. Con estas actividades tamén estaríamos tratando a comunicación audiovisual.		X	X					

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora: lectura en todas as sesións de clase	X
ET.2 - Expresión oral e escrita: entrega de producións orais e escritas e textos que reescriben a historia e a mitoloxía	X
ET.3 - CD e comunicación audiovisual: uso crítico da rede para buscar información, propiciando o coñecemento de webs relacionadas coa materia. Uso de ferramentas informáticas e audiovisuais para elaborar traballos individuais e documentos de aula. Uso do blog creado para a materia.	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial: traballo cooperativo	X

	UD 9
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico: fomento no alumnado da obxectividade, imparcialidade, curiosidade, pensamento inquisitivo e racional, respecto á evidencia, tolerancia á incerteza e consideración á posibilidade de cambiar de opinión. A importancia do control da información para controlar o poder no imperio romano servirá de base para a práctica do fomento crítico nas redes sociais.	
ET.6 - Educación emocional e en valores: este elemento transversal será tamén a temática do VI Certame ROSA, ROSAE, onde se traballa tamén a expresión oral e escrita.	X
ET.7 - Igualdade de xénero: traballarase este tema nos contidos de sociedade e vida cotiá, farase unha análise detallada do papel da muller en Grecia e Roma.	
ET.8 - Creatividade: traballo consistente en estudar e alterar as emocións na expresión facial da arte clásica a través de programas informáticos. Con este traballo tamén estariamos tratando a competencia dixital durante a elaboración e a comunicación audiovisual no produto final.	
ET.9 - Resolución de conflitos: traballarase nos contidos de historia e sociedade e vida cotiá. Nube de palabras relacionadas coa palabra pax para celebrar o Día escolar da non Violencia e da Paz. Con estas actividades tamén estariamos tratando a comunicación audiovisual.	

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, a participación, a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, o fomento do espírito crítico e cinético, a educación emocional, a igualdade de xénero, a creatividade e a resolución de conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Participación no concurso en liña "Odisea".	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.		X	
2. Charlas temáticas USC	Charla de Ana M ^a Suárez Piñeiro ¿A antiga Roma en feminino: grandes mulleres da historia romana¿.		X	

Observacións:

Espazo requirido para a actividade complementaria 1: aula de informática.

Recursos necesarios para a actividade complementaria 1: ordenadores.

Espazo requirido para a actividade complementaria 2: salón de actos.

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O traballo na aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
As estratexias metodolóxicas utilizadas son as adecuadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os tipos de agrupamento establecidos na programación didáctica, a organización dos espazos e uso de materiais e recursos son os axeitados para o desenvolvemento da programación.

Medidas de atención á diversidade
Detéctase con celeridade calquera problema que afecta ao alumnado, con especial atención ao ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
Na aula hai un clima de traballo bo e o grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Trabállase en constante coordinación co resto do equipo docente, co Dpto. de Orientación e estase periodicamente en contacto coas familias ou titores/-as legais.

Descrición:

Obxectivos

Axustar a práctica docente ás peculiaridades do grupo e a cada alumno e alumna.

Comparar a planificación curricular co desenvolvemento da mesma.

Detectar as dificultades e os problemas na práctica docente.

Favorecer a reflexión individual e colectiva.

Temporalización

Realizarase ao final de cada trimestre unha avaliación xeral. Recolleranse os resultados na acta do departamento do mes correspondente, xunto coas propostas de mellora, e tamén na memoria final do curso. A avaliación das unidades didácticas realizarase ó rematar cada unha delas.

Instrumentos

Para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente empregárase unha escala de 1 a 5 seguindo o modelo establecido na táboa da que dispón o departamento, na cal se recollen os indicadores de logro indicados anteriormente, agás para a análise do clima de traballo que se empregará unha enquisa de satisfacción anónima.

Para a avaliación das unidades didácticas empregáranse os instrumentos dos que dispón o departamento: táboa do profesor, sesión de diálogo na clase, enquisas de satisfacción ao alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Obxectivos:

Realizar os axustes oportunos na programación didáctica.

Facer propostas de mellora.

Orientar a elaboración da programación didáctica do curso seguinte.

O Dpto. de Latín e Grego conta cunha táboa de indicadores para facer o seguimento e avaliación da programación didáctica.

Mensualmente farase un seguimento da programación da materia e realizarase a avaliación da mesma para ver se é necesario realizar algunha modificación.

Se, ao longo de todo este proceso de análise, se detectaran disfuncións graves entre a marcha das clases e o escrito na programación didáctica do curso, tentaríanse poñer os medios para solucionarlas.

Ao rematar cada unidade didáctica e ao final do curso indicáranse as propostas de mellora. Se hai propostas de mellora susceptibles de ser introducidas no curso actual, procederase á súa incorporación. De non ser o caso, quedarán recollidas nas actas do departamento e na memoria para introducilas o curso seguinte.

9. Outros apartados

1. Actividades extraescolares

VI Certame ROSA, ROSAE do Dpto. de Latín e Grego do IES Fernando Blanco.

Viaxe á Coruña: Torre de Hércules e o Museo de Belas Artes.

3. Visita ao castro de Viladonga (Castro de Rei) e á cidade de Lugo.

4. Xornadas de Teatro Grecolatino.

Estas xornadas celébranse na Coruña, Lugo e Ourense. A asistencia a un lugar ou outro dependerá de onde atopemos as entradas.

5. Visita ó museo da catedral e á Biblioteca América en Santiago de Compostela.

6. Viaxe a Madrid, que conta con numerosos lugares onde se plasma a mitoloxía clásica e con museos que albergan importantes obras con temática grecorromana.

7. Viaxe por cidades e pobos de España e/ou Portugal para coñecer as pegadas do mundo clásico.